

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLN/2020/13	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	17 de decembro de 2020
Duración	Desde as 20:32 ata as 22:03 horas
Lugar	Salón de Plenos
Presidida por	María Dolores Castiñeira Alén
Secretaria accidental (Decreto 2020-1307 do 15.12.2020)	Ana M ^a Pérez Rodríguez

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
76914480L	Alejandro Rodríguez Canosa	SÍ
35576809H	Ana Cristina Pérez Cabaleiro	SÍ
36061420L	Joaquín Núñez Troncoso	SÍ
35566288P	Lucía Pereira González	SÍ
76909361Y	María Dolores Castiñeira Alén	SÍ
35548188D	Miguel González González	NON
35569773C	Noelia Pérez Domínguez	SÍ
34873897D	Primitivo González Souto	SÍ
36152982H	Rubén González Coto	SÍ
77006782E	Santiago Rodríguez Davila	SÍ
35568513W	Verónica Tourón Domínguez	SÍ
35564737K	Ángela Ledo Souto	SÍ



76897189R

Ángela Valcárcel Bernárdez

SÍ

Escusas de asistencia presentadas:

1. Miguel Gonzalez Gonzalez:
«por cuestións persoais»

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, a presidenta abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación de actas das sesións anteriores.

Acta número 2020/9, extraordinaria de 15 de outubro.

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en adiante), a Señora presidenta pregunta se algún membro do Pleno desexa formular algunha observación á acta da sesión nº 2020/9, extraordinaria de 15 de outubro enviada a todos os membros da Corporación de acordo co art. 113.1.b) ROF.

Sr. Núñez Troncoso: Di que na páxina 5, no segundo parágrafo, na segunda liña onde pon "9.098.000€" está mal e debe por "998.000€"

VOTACIÓN: Non existindo máis observación a acta, pola Sra. Alcaldesa sométese a votación a aprobación da acta da sesión nº 2020/9, extraordinaria de 15 de outubro; sendo aprobada por 9 votos a favor dos/as Sres/as Concelleiros/as: M^a Dolores Castiñeira Alén, Alejandro Rodríguez Canosa, Lucía Pereira González (MS), Verónica Tourón Domínguez e Angela Ledo Souto (PSOE), Santiago Rodríguez Davila, Joaquín Núñez Troncoso, Primitivo González Souto, e Angela Valcárcel Bernárdez (PP) e 3 abstencións dos/as Sres/as Conceleiros/as: Rubén González Coto (PSOE), Ana Cristina Pérez Cabaleiro e Noelia Pérez Domínguez (PP) por non asistir a esta sesión.

Acta número 2020/10, ordinaria de 29 de outubro.

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en adiante), a Señora presidenta pregunta se algún membro do Pleno desexa formular algunha observación á acta da sesión nº 2020/10, ordinaria de 29 de outubro enviada a todos os membros da Corporación de acordo co art. 113.1.b) ROF.

Sr. Rodríguez Canosa: Na páxina 28, no primeiro paragrafo onde dí " a propia

Lei de Normalización Lingüística de Galicia, aprobada no 1990” e “aprobada no 1983”.

VOTACIÓN: Non existindo máis observación a acta, pola Sra. Alcadesa sométese a votación a aprobación da acta da sesión nº 2020/10, ordinaria de 29 de outubro; sendo aprobada por UNANIMIDADE dos doce membros presentes nesta sesión.

Acta número 2020/11, extraordinaria de 17 de novembro de 2020.

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en adiante), a Señora presidenta pregunta se algún membro do Pleno desexa formular algunha observación á acta da sesión nº 2020/11, extraordinaria de 17 de novembro enviada a todos os membros da Corporación de acordo co art. 113.1.b) ROF.

VOTACIÓN: Non existindo máis observación a acta, pola Sra. Alcadesa sométese a votación a aprobación da acta da sesión nº 2020/9, extraordinaria de 15 de outubro; sendo aprobada por 10 votos a favor dos/as Sres/as Concelleiros/as: M^a Dolores Castiñeira Alén, Alejandro Rodríguez Canosa, Lucía Pereira González (MS), Verónica Tourón Domínguez, Angela Ledo Souto e Rubén González Coto (PSOE), Santiago Rodríguez Davila, Joaquín Núñez Troncoso, Primitivo González Souto e Noelia Pérez Domínguez (PP) e DUAS abstención das Sras. Concelleiras Ana Cristina Pérez Cabaleiro e Angela Valcárcel Bernárdez (PP) por non asistir a esta sesión.

Expediente 313/2020. Proposta de altas e baixas de inmobles para rectificación do inventario municipal de bens e dereitos.

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria
A favor: 10, En contra: 0,
Abstencións: 2, Ausentes: 0

Sra. Tourón Domínguez: Boas tardes a todos e todas e tamén a veciñanza que nos segue dende as súas casas, traemos aquí a actualización do inventario de camiños e bens municipais, dicir que tal como se expresou na Comisión informativa houbo unha proposta e despois modificada porque unha das propostas que se traían levaban un procedemento distinto ao pleno, agora nos demos conta esta tarde que ao xenerar o certificado da Comisión Informativa xenerouse automaticamente por xestiona dende secretaria con esa proposta anterior, quería que quedara reflexada. Os camiños que traemos son:

Un camiño para incorporar ao inventario de bens municipais que foi solicitado por M^a Angeles Fernández González e outros, é un camiño situado en Soutelo no lugar de Casal, pídenos todos os lindantes esta solicitude leva tempo xa é do 24 de outubro de 2019, dicir que o que se fixo foi en lugar de traer un camiño cada vez que se solicita o que se fixo e facer unha sola revisión anual. Consta co informe



favorable do técnico municipal.

O segundo é unha parcela sobrante que está situada no barrio de Casás na parroquia de San Xurxo, decir que consta con informe favorable do técnico municipal e este de Casás é o sabrante donde se fixo o bombeo do saneamento este último que se fixo con fondos do Concello, quedaba unha parte sen rexistrar, o que se trae é a incorporación desa parte.

O seguinte é o lugar da Costa en Altamira, parroquia de Sta. María de Salceda que linda coa estrada de Pegullal tamén consta de informe positivo é incorporar ao inventario municipal esta parcela.

O seguinte solicitado pola Comunidade de Monte Veciñal en Man Común o que lle chaman a "Paraxe da regueira das Covas" no barrio de Pantel na parroquia de Parderrubias, consta no expediente informe favorable, se había recollido no inventario municipal.

E por último temos o camiño de Zudrés no barrio da Revolta, parroquia de Parderrubias, solicitan a baixa do inventario municipal todos os lindantes, porque este camiño foi feito por eles é de titularidade privada, incorporouse no seu día e agora piden que se retire.

Estes son os que traemos para a actualización do inventario decir que unha vez aprobados, si así o ten a ben este pleno, pasaría a abrirse un período de información pública de 20 días hábiles contados a partir da publicación do Boletín Oficial no que se haberá a posibilidade de presentar alegacións que de darse o caso terían que ser resoltas tamén a través de acordo plenario.

Sr. González Souto: Boas noites ao presentes e as veciñas e veciños que nos siguen polo canle de youtube, con respecto aos camiños entendemos que os informes son positivos, decir que o camiño que ten un pouquiño de complexidade como tal é o camiño de Zudrés, no informe técnico queda claramente aportada a documentación como é a parcelación, segregación, onde para nada existe na parcelación ese camiño interior de feito na parcelación mírase claramente como se busca coa distribución das parcelas para buscar os oito metros de fronte aos camiños públicos, aínda é mais que son os catro propietarios das parcelas os que exixen que se saquen do inventario municipal, entendemos que todo está ben. Xa na Comisión informativa e agora acabas de transmitir que a intención deste goberno é facer cada ano a regularización dos camiños, dende o noso punto de vista iso pode crearlle certos perxuízos a algúns veciños, no sentido de que imaxínate dámonos conta que converter un camiño en público dálle certos dereitos que antes non tiña como a concesión de lincezas, etc. De feito neste que traemos hoxe a pleno hai camiños e solicitudes de inventariar de fai un ano e outros de final de ano, crease ese espectro tan amplo dun ano pode orixinar trabas burocráticas a persoas. Pola nosa parte o voto vai se a favor.

Sr. Rodríguez Canosa: A proposta de actualización do inventario de camiños que explicou a compañeira Verónica, Concelleira de Urbanismo, que conta cos informes favorables polo tanto a nosa posición vai ser a favorable .

Sra. Touron Domínguez: O que di o compañeiro do Partido Popular en certo modo ten razón en cuestións de licenzas e demais, por suposto que si houbera algún camiño que afecta a ese tipo pois se traerá, eu me refería a eses trozos municipais, espazos municipais que ao mellor quedaron de alta ou de baixa, que son regularización pois se poden facer perfectamente nun bloque para non estar tendo que modificar, e non é modificar e que isto leva un procedemento que despois hai que actualizar o inventario cada vez que se trae por trámite administrativo, pero por suposto non vamos a gravar con ese tipo de decisión a



nadie que se vea afectado por isto.

Sr. González Souto: Como xa falamos na Comisión, agora estamos agrupando un paquete onde vai a haber unha votación, pode ocorrer que hai algún camiño ou resalido que non estamos de acordo, e condiciona ao resto que se mete no grupo a votación en si, a única opción que vexo é anticipar a documentación previo ao pleno por si hai que separar.

Sra Alcaldesa: Se pode facer dous bloques un de bens e outro de camiños para que non se teñan que votar en conxunto, si ben é certo que ao final de ano se fai un resumo de todos os camiños e resalidos anuais, por unha banda se estudiaran os camiños de forma individualizada, si se poden levar con anticipación a unha sesión plenaria porque sabemos que pode causar certos perxuizos, se fará e por outra banda creo que si se deben dividir en dous bloque porque si unha proposta non estamos totalmente de acordo con ela suporía ou non votala ou mudala proposta por que van todos incluídos, estudiaremos cal sexa a mellor formula posible, o que si tiñamos claro e que a final de ano tiñan que vir un resumo total de parcelas e camiños que se incorporan ou se dan de baixa ao inventario.

Sra. Tourón Domínguez: Como xa se comentara na Comisión aínda que hoxe se dera o caso, tal como se nos informou a secretaria de non estar de acordo en algún dos puntos poderíase retirar ese punto e votar o resto en conxunto.

Sr. Nuñez Troncoso: Dado que un dos camiños teño vinculo de afinidad con un dos solicitantes voume a abster.

Sra. Alcaldesa: Igual que Joaquín e xa o manifestei en Comisión informativa eu tamén teño vinculo familiar con un dos solicitantes por tanto voume a abster. Dou lectura proposta seguinte:

“Traemos para actualización do inventario decir que unha vez aprobados pasaría a exposición pública de 20 días hábiles, contados a partir da publicación no Boletín Oficial, no que hai posibilidade de presentar alegacións que de darse o caso terían que ser resoltas tamén a través de acordó Plenario.

Vista a existencia de diversos camiños que reúnen as características que definen aos bens de dominio público conforme aos artigos 79.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local y 2.2 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, procedendo en consecuencia o seu recoñecemento como camiños públicos e a súa incorporación ao inventario de bens municipais.

Visto que os sinalados camiños son os seguintes:

1.- Camiño con referencia catastral nº36049A041090120000KO, de 268 m2 de superficie, sito en Casal, Soutelo, a petición de M^a Angeles Fernández González e outros veciños de Soutelo. Consta no expediente informe do arquitecto técnico Alfonso Veloso Troncoso nº 2020-0207 no que fai contar que “(...) dende o punto de vista técnico non se observa impedimento para incorporar dito camiño ao inventario de bens municipais.”



2.- *Sobrante da parcela catastral 36049A020001770000KT, sita no barrio de Casás, parroquia de San Xurxo. Consta no expediente informe do arquitecto técnico Alfonso Veloso Troncoso nº 2020-0332 no que fai contar que "(...)dende o punto de vista técnico queda xustificada a incorporación deste sobrante da parcela catastral 36049A020001770000KT ao inventario municipal de bens."*

3.- *Parcela catastral 36049A018000940000KM de titularidade municipal segundo o padrón de rústica do Concello, sita no lugar da Costa en Altamira, parroquia de Sta. María de Salceda, lindando polo vento sueste coa estrada de Pegullal. Consta no expediente informe do arquitecto técnico Alfonso Veloso Troncoso nº 2020-0335 no que fai contar que "(...)dende o punto de vista técnico queda xustificada a incorporación da parcela catastral 36049A018000940000KM ao inventario municipal de bens".*

Visto así mesmo que constan inventariados no Inventario de bens e dereitos do Concello unha serie de inmobles que deben ser dados de baixa, por existir evidencias de que non reúnen as condicións de bens de dominio público de titularidade municipal. Os sinalados inmobles son os seguintes:

1.- *Superficie clasificada como monte veciñal en man común dentro do inmovible inventariado como paraxe de "Regueira das Covas", no barrio de Pantel na parroquia de Parderrubias, a petición da C.M.V.M.C de Parderrubias. Consta no expediente informe do arquitecto técnico Alfonso Veloso Troncoso nº 2020-0323 no que fai contar que "(...)Á vista do exposto e dando por certo os datos achegados pola CMMC de Parderrubias informase que, dende o punto de vista técnico non se observa impedimento para modificar a superficie da paraxe denominada "Regueira das Covas", retirando da mesma a parte reclamada pola CMMC de Parderrubias."*

2.- *Camiño de Zudres, sito no barrio da Revolta, parroquia de Parderrubias, a petición de Andrés Valea González, Antonio Oitabén Novoa, Arturo Parada Diéguez e M^a Inmaculada Concepción Fernández Moreno, por ser de titularidade privada. Consta no expediente informe do arquitecto técnico Alfonso Veloso Troncoso núm. 2020-0334 no que fai contar que "(...)Dende o punto de vista técnico cos datos dispoñibles considerase que, non se observa impedimento para retirar do inventario municipal de bens o vieiro inventariado como "Camiño de Zudres"*

Considerando oportuno, antes de proceder á rectificación anual do Inventario de bens e dereitos do Concello en relación aos inmobles relacionados, abrir un período de información pública para permitir aos interesados e a calquera persoa examinar o expediente e formular as alegacións que teña por convenientes.

En cumprimento do disposto no artigo 17 do Regulamento de Bens das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño.

PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN:

PRIMEIRO: Aprobar o recoñecemento como bens de dominio público, para a súa inclusión no inventario de bens e dereitos municipais, os seguintes inmobles:

1.- Camiño con referencia catastral nº36049A041090120000KO, de 268 m2 de superficie, sito en Casal, Soutelo.

2.- Sobrante da parcela catastral 36049A020001770000KT, sita no barrio de Casás, parroquia de San Xurxo.

3.- Parcela catastral 36049A018000940000KM de titularidade municipal segundo o padrón de rústica do Concello, sita no lugar da Costa en Altamira, parroquia de Sta. María de Salceda, lindando polo vento sueste coa estrada de Pegullal.

SEGUNDO: Rectificar a inclusión no inventario de bens e dereitos municipais, por non ser considerados de dominio público, os seguintes inmobles:

1.- Superficie clasificada como monte veciñal en man común dentro do inmovible inventariado como paraxe de "Regueira das Covas", o barrio de Pantel na parroquia de Parderrubias..

2.- Camiño de Zudres, sito no barrio da Revolta, parroquia de Parderrubias, por ser de titularidade privada.

TERCEIRO: Abrir un período de información pública de 20 días hábiles contados dende o seguinte á publicación deste acordo de aprobación inicial no BOP de Pontevedra.

CUARTO: Si se presentasen alegacións serán resoltas en novo acordo plenario. De non presentarse, tramitarse o correspondente expediente de rectificación do inventario municipal de bens e dereitos para proceder a dar de alta/baixa os sinalados inmobles.

QUINTO: Notificar este acordo aos interesados. "

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta resulta aprobada por DEZ votos a favor do/as Concelleiros do Grupo Municipal de Movemento Salceda (3), do PSdeG-PSOE (3) e Partido Popular (4) e DÚAS ABSTENCIÓNS do/a Concelleiro/a do Grupo Municipal de Movemento Salceda (1) e do Partido Popular (1), adoptándose o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar o recoñecemento como bens de dominio público, para a súa inclusión no inventario de bens e dereitos municipais, os seguintes inmobles:

1.- Camiño con referencia catastral nº36049A041090120000KO, de 268 m2 de superficie, sito en Casal, Soutelo.

2.- Sobrante da parcela catastral 36049A020001770000KT, sita no barrio de Casás, parroquia de San Xurxo.

3.- Parcela catastral 36049A018000940000KM de titularidade municipal segundo o padrón de rústica do Concello, sita no lugar da Costa en Altamira, parroquia de Sta. María de Salceda, lindando polo vento sueste coa estrada de Pegullal.

SEGUNDO: Rectificar a inclusión no inventario de bens e dereitos municipais, por non ser considerados de dominio público, os seguintes inmobles:

1.- Superficie clasificada como monte veciñal en man común dentro do inmovible inventariado como paraxe de "Regueira das Covas", o barrio de Pantel na parroquia de Parderrubias.

2.- Camiño de Zudres, sito no barrio da Revolta, parroquia de Parderrubias, por ser de titularidade privada.

TERCEIRO: Abrir un período de información pública de 20 días hábiles contados dende o seguinte á publicación deste acordo de aprobación inicial no BOP de Pontevedra.

CUARTO: Si se presentasen alegacións serán resoltas en novo acordo plenario. De non presentarse, tramitarase o correspondente expediente de rectificación do inventario municipal de bens e dereitos para proceder a dar de alta/baixa os sinalados inmobles.

QUINTO: Notificar este acordo aos interesados.

Expediente 2910/2020. Declaración da Festa dos Callos de Salceda de Caselas como Festa de Interese Turístico de Galicia

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Sr. Rodríguez Canosa: Boas noites a todos, traemos a aprobación da solicitude da Festa dos Callos de Salceda como Festa de Interese Turístico de Galicia, xa no ano 2017 presentouse unha anterior proposta que foi aprobada por este pleno, fíxose esa solicitude ao Consello de Turismo é viu denegada, nesta ocasión volvimos a retomar o tema e presentamos unha nova solicitude. A memoria como puidestes comprobar no expediente é unha memoria bastante completa, consta de mais de 330 páxinas onde se recollen todos os puntos que no pleno Consello de Turismo e a Lei de Festas de Interese Turístico reclaman, foi un traballo bastante laborioso pero que se puido aproveitar moito traballo que xa estaba feito do 2017, traballo da anterior memoria que prepara a Conselleira de Cultura Teresa Pérez. O traballo nesta ocasión levouse coordinado entre eu como Concelleiro de Cultura, Lucía como Concelleira de Turismo e Loli como Alcadesa e foi elaborada por unha empresa especializada en turismo e que xa conseguiu levar a adiante declaración de Interese Turístico doutras festas, para tamén para a elaboración desta memoria contouse coa colaboración de moita mais xente, tamén quero deixar constancia e agradecemento desa colaboración, distintos empregados municipais que colaboraron durante todos os anos dende 1993 que se leva celebrando a festa e tamén a colaboración das empresas externas como frigolouro



que tamén colaboraron na elaboración e sobre todo tamén que agradecerlle a labor que fixeron os ex-concelleiros e ex-alcaldes da Corporación na elaboración desta memoria, colaboran tanto Teresa Pérez anterior Concelleira de Cultura e Marcos David Besada Pérez anterior Alcalde do Concello de Salceda e tamén Jaime Rodríguez Garrido anterior Concelleiro de Cultura e José Manuel Fernández Rodríguez ex-alcalde do Concello de Salceda que ademais foron os impulsores da festa ala polo ano 1993. Na comisión nos pedistes que se incorporara ao expediente o informe do pleno do Consello de Turismo de Galicia de data 17/12/2018, incorporouse ao expediente onde se poden ver as razón que a vista non eran tantas para a denegación e non se puido presentar por unha cuestión técnica incluír o orzamento que tamén o solicitastes pero o volo aclaro aquí que o custo desta memoria foi de 1.550€.

Sra. Pérez Cabaleiro: Boas noites a todos e tamén aos veciños e veciñas que nos acompañan hoxe de forma virtual neste último pleno do ano 2020. Concordo con Alex, é unha memoria extensa pero é unha memoria completa, é unha festa gastronómica que ten unha gran importancia para os Salcedenses e tamén para exaltar así un produto que está arraigado a Salceda e aos Salcedenses dende hai décadas, ademais de que como expón esta memoria de ser declarada esta festa de Interese Turístico sería a primeira deste produto en Galicia, a primeira relacionada cos callos en Galicia, como pon a memoria unha festa ou mais ben xa é unha tradición para o noso pobo que se ven celebrando o primeiro domingo do mes de setembro dende 1993, e desde ese entón o Concello seguiu apostando por esta festas de forma ininterrumpida durante 27 anos ata ao atípico ano 2020. Unha festa que se leva a cabo coa colaboración de toda a veciñanza e con colaboración de diferentes asociacións, voluntariado que fai unha dura tarefa dende as primeiras horas de mañá embolsando, tamén o agradecemento a toda a hostelería pola súa colaboración, ao tecido empresarial a través da asociación ACISA, e outras asociacións Salcedenses que colaboran en diversas actividades que discurren durante toda a semana e nese día de celebración. Pese a que como dixeron é unha memoria bastante extensa e completa queremos facer algunhas puntualizacións xa que consideramos que hai un par de erros que deberían subsanarse como é na páxina 26 na que se fala de distintas asociacións ou colectivos que montan diferentes postos na praza, falades dun posto de comida e bebida da Comisión de Festas de Parderrubias cando en realidade a costume ou a tradición é que o posto que se coloca na praza de comida e bebida é da Comisión de Festas da Concepción, consideramos ou que se poña o que é a tradición que é a Comisión de Festas da Concepción ou que non se sinale unha Comisión de Festas dunha parroquia concreta basicamente polos diferentes enfrontamentos que poida ocasionar con diferentes parroquias. Na páxina 85 resaltades os cafés-bares de Salceda onde incluídes "cafetería-pastelería Panalia" cuxa dirección é Dr. Zunzunegui número 11, a día de hoxe esa cafetería-pastelería é inexistente corresponde a "La Marujita" esta memoria está publicada en novembro de 2020 e esta cafetería non é un establecemento recente para esta equivocación. Engadistes o informe no que se considera desfavorable a tramitación da festa de dos callos de Interese Turístico por catro razón, unha delas é "sen acceso ou de facilidade de acceso", "non se observou indicación ou sinalización ningunha da celebración de festa nin da súa localización no Concello, non había ningún cartel que anunciase que alí se celebrase a Festa dos Callos", outra "ao tratarse dunha festa que ensalza un produto gastronómico non existen manifestación ou acontecementos que fagan revivir costumes ou tradicións populares" a terceira é "no que respecta a calidade dos actos que configuren a celebración e como actividades complementarias na contorna da festa so había xogos tradicionais



infantís, postos ambulantes e artesanía” e outra das razóns polas que se tramita de forma desfavorable e “a falta de creatividade e de innovacións na celebración do evento mais aló da degustación dos callos”, esta memoria a realidade é que é unha memoria histórica na que se fai un repaso do que foron a festa dos callos dende 1993 ata a actualidade, sen embargo si que facedes unha puntualización do que vai ser diferentes puntos para engadir na edición do 2021, na que incluídes bolsas de papel e outras puntualizacións e consideramos importante que ademais si engadides estes puntos para a edición 2021 que por suposto engadades estes puntos que consideraron desfavorables e que de non ser corrixidos van considerar novamente desfavorable a festa de Callos como Declaración Festa de Interese Turístico.

Sra. Tourón Domínguez: Pola parte do Partido Socialista decir que a defensa xa a fixo o compañeiro Alex, Concelleiro de Cultura, pola parte do equipo de goberno, simplemente sumarme a tódolos agradecementos tanto os que fixo o compañeiro de cultura como aos que fixo a compañeira do Partido Popular, é verdade que xa é unha tradición esta festa do callos e continueuse con ela dende que naceu independentemente do equipo de goberno que houbera despois co cal hai unanimidade en que esta festa sexa declarada de interese. Nos unímonos plenamente e esperemos que desta vez que teñan a ben facer as consideracións necesarias para que esto sexa aprobado.

Sr. Rodríguez Canosa: En canto ao tema da Comisión de festas de Parderrubias era por poñer un exemplo, evidentemente non se fixo con ganas de crear rivalidade que sabemos que non hai esa rivalidade entre parroquias, si se pode concretar mais engadirase esa apreciación. En canto as catro razóns polas que denegaron a festa na memoria do 2017 que dis que non vai recollido na nova memoria, si que vai recollido porque ao final son apreciacións que como podedes ver no informe, que fixo a Delegación Técnica de Comisión de Informes a primeira referencia, “facilidade de acceso: non se observou sinalización nin indicación ningunha da celebración da festa nin da súa localización” si que son elementos que se terán en conta nas seguintes edicións, respecto a calidade dos actos que configuren a celebración que decía que solo había xogos tradicionais infantís e algúns posto ambulantes de artesanía, na memoria xa vai mais que xustifico que eles se refiren ao momento do domingo pero que é que a festa dos callos non só é o domingo senón que se desenvolve durante toda a fin de semana onde si que hai moitas actividades culturais; respecto a elementos creativos e innovadores xa incluímos tamén na memoria diferentes elementos creativos que se desenvolveron con anterioridade, incluso no ano 2018,2019 que son posteriores a esa memoria e outras melloras que se teñen previsto realizar nas edicións seguintes, algunhas delas intentáronse facer este ano, non puidemos facelo pero si que se fará nos vindeiros anos, e outras das cuestións que non se observou sinalización de zonas de aparcamentos para festas, Salceda conta con 14 aparcadoiros públicos sinalizados durante todo o ano creemos que conque estean sinalizados durante todo o ano tamén valen para o fin de semana da festa dos callos, de todos modos na memoria vai claramente reflexada eses aparcamentos e tamén entre as ideas novas que se pensaba facer este 2020 de intentar dentro do que poidamos habilitar novos aparcamentos para a festa.

Sra. Pérez Cabaleiro: Xa que se engade un apartado no que se fala do 2021, pois intentar corrixir os erros polos que se considerou desfavorable a tramitación da Festa dos Callos de interese turístico en Galicia, porque considero que por unanimidade todos estamos de acordo en que queremos que a Festa do Callos a



nosa tradicional Festa dos Callos sexa considerada de interese turístico xa so pola tradición, pola hostelería, polo turismo por todo o que considera e conleva esta tramitación para o noso Concello. E como decía tamén recordade correxir o do café – bar “La Marujita” porque considero que é importante a apreciación xa que esta cafetería é inexistente dende fai anos e neste caso rematar para que todo sexa favorable para que todos poidamos desfrutar da nosa primeira festa de interese turístico.

Alcaldesa: A Delegación técnica que fai a nomeamento de festas de interese turístico, polo menos a avaliación, a primeira visita que cursou visita a unha festa foi a nosa, ata entón non se cursaban este tipo de visitas. Esta proposta é unha proposta ambiciosa quedounos alguén atrás por darlle as grazas a Beatriz Gil de transporte rural que nos entregou este completísimo traballo, e o agradecemento que fixeron xa Verónica e Alex, dende o primeiro momento que chamen aos ex-alcaldes tanto a Marcos coma a Chicho a verdade é que todo foron facilidades e se prestaron a colaborar dende o primeiro momento, isto foi un traballo de todos e agardamos que o resultando sexa iso, conseguir esta festa de interese turístico para Salceda, que será a primeira e agardamos que non sexa a última, porque tamén vos anticipamos que estamos traballando na Festa de interese do Entroido, agardamos traela pronto a esta sesión plenaria. Paso a ler a proposta:

“Visto o disposto no Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, polo que se regula a declaración de festas de interese turístico de Galicia (DOG nº 12 do 20 de xaneiro de 2015), que ten por obxecto regular os requisitos e os efectos da declaración de festas de interese turístico de Galicia.

Visto que o Concello de Salceda de Caselas ven celebrando dende o ano 1993 a Festa dos Callos e que esta festa reúne os requisitos de antigüidade, singularidade, arraigo, promoción, valor cultural e continuidade no tempo establecidos no artigo 3 do citado Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro para a declaración de festa de interese turístico de Galicia

Visto que consta no expediente a memoria explicativa elaborada ao abeiro do disposto no artigo 11 do Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, polo que se regula a declaración de festas de interese turístico de Galicia.

Visto que o procedemento debe iniciarse a solicitude do Concello mediante acordo do pleno onde conste expresamente a solicitude de declaración de festa de interese turístico de Galicia.

Por todo o exposto, propoño ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: Solicitar a declaración da Festa dos Callos de Salceda de Caselas como Festa de Interese Turístico de Galicia conforme ao regulado no Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, polo que se regula a declaración de festas de interese turístico de Galicia.

SEGUNDO: Aprobar a memoria explicativa que será achegada para a devandita declaración.

TERCEIRO: Notificar o presente acordo á Axencia Turismo de Galicia xunto coa documentación preceptiva establecida no artigo 11 do Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, polo que se regula a declaración de festas de interese turístico de Galicia, por medios electrónicos."

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta resulta aprobada por UNANIMIDADE dos DOCE membros presentes nesta sesión, adoptándose o seguinte acordo:

PRIMEIRO: Solicitar a declaración da Festa dos Callos de Salceda de Caselas como Festa de Interese Turístico de Galicia conforme ao regulado no Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, polo que se regula a declaración de festas de interese turístico de Galicia.

SEGUNDO: Aprobar a memoria explicativa que será achegada para a devandita declaración.

TERCEIRO: Notificar o presente acordo á Axencia Turismo de Galicia xunto coa documentación preceptiva establecida no artigo 11 do Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, polo que se regula a declaración de festas de interese turístico de Galicia, por medios electrónicos.

Expediente 2889/2020. Denominación de dúas novas vías públicas.

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Sra. Pereira González: Boas tardes a todos e todas, a veciñanza que nos ve dende as súas casas a través das redes sociais e da páxina web do Concello. Esta proposta de denominación creación de dúas novas rúas hai que contextualizala, enmarcala dentro do traballo de revisión de numeración que estamos levando a cabo, como ben sabedes a través do Plan Concello un dos proxectiños que se solicitou foi o traballo de revisión da numeración do Concello, pretendemos con este traballo unha actualización hai moitos anos que non se actualiza e non se unifica o criterio a hora de numerar. Pretendemos que sexa un traballo que sente as bases e estableza criterios a medio longo prazo e tamén resolver algúns problemas que algúns barrios viñan sufrindo e que se traducía sobre todo en problemas con servizo postal, correos, paquetería. Esta revisión pretende ordenar e reorganizar todas estas cuestión. Este traballo se complementa con unha segunda fase que tamén foi solicitada ao Plan Concellos que é a colocación posterior da plaquiña, para que o traballo previo non caia en saco roto quedando a decisión de cada un dos veciños e veciñas, será o Concello unha vez que se aprobe e se notifique a cada unha das persoas poñeremos nas vivenda unha plaquiña que recolla o número e o nome da rúa ou do barrio, e creemos que así quedará, ademáis de esteticamente uniforme, tamén ordenando e solventaremos moitos deses problemas. A revisión esta practicamente rematado a primeira parte, a parte do casco urbano, e nas próximas semanas poñerémolo a exposición pública e notificaráselle aos veciños que lle modifique, que a realidade é que no



casco urbano son bastantes poucos, pero completar ese traballo antes desa fase como último paso temos que crear dúas novas rúas que na realidade están fisicamente creadas e están así nomeadas pero non están dadas de alta nos organismos correspondentes e é competencia deste pleno facelo así, as rúas son: a Rúa da Pedra, que sería o vial que comeza na rotonda de correos, na intersección entre a avenida de Galicia – rúa Vigo ata o límite do núcleo, despois xa sería barrio da Pedra; e o outro é Parque Raiña Aragonta que sería a parte interna, hai uns baixos interiores. En canto aos nomes consideramos que non había debate nin dúbida pois a rúa da Pedra incluso ten a plaquiña co nome, xa se está usando pola veciñanza e no parque Raiña Aragonta o mesmo algún baixos que hai alí xa veñen utilizando esa dirección.

Sr. González Souto: Estamos totalmente de acordo tanto co de rexistralos, como co nome, como coa necesidade. Sobre o proxecto que se vai facer co Plan Concellos sobre ordenar os números creo que é moi boa idea, e os cartos que se empreguen ahí van a ser un cartos ven empregados porque sen lugar a dúbida utilizará moitos servizos, correos, menxasería, e o mais importe cantas veces miramos unha ambulancia dando volta polo barrio da Presa número 7 que non ten nada que ver con onde está o número 8, é unha barbaridade, no entorno de Vigo xa está todo ordenado, Mos xa ten unha organización dos camiños e dos números das casas de forma coherente, e é importante que en Salceda se faga o mesmo, xa so porque iso despois conlevará de que a nivel de google será moito mais fácil ubicar os domicilios, co paso do tempo ubicaranse solos, estamos totalmente de acordo.

Sra. Tournon González: Os camiños si estaban ordenados co inventario municipal de camiños o problema témolo na numeración e sobre todo na sinalización dos barrios, totalmente de acordo coa proposta.

Sra. Alcaldesa: dou lectura a proposta de Alcaldía, seguinte:

“En relación co expediente relativo á denominación da vía pública e de conformidade co establecido no artigo 175 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, en base aos seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

Dende o Concello de Salceda estase a proceder á revisión da numeración do rueiro Municipal. A revisión e actualización da numeración municipal do Concello ten como obxecto a realización dos traballos necesarios para que no ámbito das parroquias do municipio se dispoña dunha numeración de inmobles actualizada, tanto nos núcleos de poboación (rúas, prazas, etc..) como das entidades diseminadas, así como unha actualización do rueiro municipal (vías e lugares).

Os traballos realizaranse en coordinación cos técnicos municipais e de acordo coas normas ditadas polo Instituto Nacional de Estatística para tal fin.

No desenvolvemento destes traballos detéctase a necesidade de denominar dúas rúas que a día de hoxe non están creadas no INE pero que na práctica xa se veñen usando pola veciñanza de esas rúas, estas son:

Rúa Da Pedra: o vial que dá comezo na rotonda de intersección entre a Avda. de Galicia e a Rúa Vigo e que remata no límite do casco urbano. A continuación daría comezo o barío co mesmo nome.

Parque Raíña Aragonta: o vial que bordea o parque co mesmo nome, que ten comezo e remate na Rúa Coruña, neste espazo existen diversos baixos comerciais, algún deles non teñen acceso a outra rúa que non sexa esa, e de facto, na práctica xa ven empregando esa denominación.

En uso das atribucións que me confire o artigo 21.1 a) e c) e 22.2 q) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL en adiante), artigos 80 e 82 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aprobada o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais; así como o artigo 75 do Regulamento de Poboación e Demarcación Territorial, propoño ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. Aprobar a proposta de denominación das seguintes vías públicas:

Rúa Da Pedra: o vial que dá comezo na rotonda de intersección entre a Avda de Galicia e a Rúa Vigo e que remata no límite do casco urbano.

Parque Raíña Aragonta: o vial que bordea o parque co mesmo nome, que ten comezo e remate na Rúa Coruña.

SEGUNDO. Notificar o presente acordo ao Instituto Nacional de Estatística, Catastro, Rexistro da Propiedade e Sociedade Estatal Correos e Telégrafos.

TERCEIRO. Dar difusión do cambio de denominación a través dos medios de comunicación local. "

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta resulta aprobada por UNANIMIDADE dos DOCE membros presentes nesta sesión, adoptándose o seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar a proposta de denominación das seguintes vías públicas:

Rúa Da Pedra: o vial que dá comezo na rotonda de intersección entre a Avda de Galicia e a Rúa Vigo e que remata no límite do casco urbano.

Parque Raíña Aragonta: o vial que bordea o parque co mesmo nome, que ten comezo e remate na Rúa Coruña.

SEGUNDO. Notificar o presente acordo ao Instituto Nacional de Estatística, Catastro, Rexistro da Propiedade e Sociedade Estatal Correos e Telégrafos.

TERCEIRO. Dar difusión do cambio de denominación a través dos medios de comunicación local

Expediente 2980/2020. Moción para a construción da senda peonil e ciclista na PO-411 ao seu paso pola parroquia de Parderrubias

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Sra. Alcaldesa: Deu lectura a proposta de Alcaldía para proceder ao seu debate:

"De acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e no Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Salceda de Caselas os Grupos Municipais de Movemento Salceda e PSOE desexan someter á consideración do Pleno a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende o ano 2016, a Xunta de Galicia estivo a traballar no proxecto de construción de itinerario peonil e ciclista na PO-411, ao seu paso pola parroquia de Parderrubias, que suporía a mellora da seguridade viaria entre o casco urbano e o IES Pedras Rubias, nunha zona actualmente moi perigosa para o tráfico peonil. A iniciativa foi aprobada pola Administración Autonómica o 7 de marzo de 2016 dentro do Plan de Sendas de Galicia para o fomento da mobilidade sostible. 8 das 9 sendas aprobadas entón foron executadas, quedando tan só pendente a de Salceda de Caselas.

Dende o inicio da redacción do proxecto, a Xunta incorporou no mesmo varias peticións feitas dende o Concello despois de manter diversas xuntanzas cos colectivos veciñais de Parderrubias: incorporación de varios tramos de saneamento, incorporación de entradas a diversas leiras, prolongouse a senda ata a entrada do IES (remataba no cruce), e recolléronse tamén melloras na rede de abastecemento de auga da traída parroquial..

En marzo de 2018 Concello e AXI mantiveron unha xuntanza na que por parte de Francisco Menéndez se estableceu a data probable de execución do proxecto no segundo semestre de 2018. O mesmo Francisco Menéndez en abril do 2019, nun escrito enviado ao Concello, recoñecía que non se levara a cabo o proxectado, e que calculaba que a licitación se levaría a cabo a mediados de 2019. Pero non foi ata setembro dese ano cando se citou ás persoas afectadas para xestionar as expropiacións precisas, asinándose tamén as actas de ocupación por parte da alcaldesa, Loli Castiñeira, os días 17 e 18 dese mes na Casa do Concello.

O 29 de novembro do 2019, a AXI recibiu á xunta directiva da asociación de veciños/as de Parderrubias para falar diversos temas relacionados coa senda, negando a posibilidade de que asistise tamén a alcaldesa a esa mesma xuntanza tal e como se tiña solicitado dende o Concello e por parte da propia asociación.

Tamén a dirección e a ANPA do IES Pedras Rubias teñen amosado a súa preocupación pola falta de seguridade no vial, polo que transita parte do seu alumnado, conscientes de que este proxecto sería unha boa solución ao problema. Se a isto lle engadimos o momento de pandemia que estamos a vivir fai que a senda resulte aínda máis importante, como alternativa incluso ao transporte escolar nas zonas máis cercanas ao IES, garantindo deste xeito uns desprazamentos seguros e lonxe das aglomeracións de persoas.



A día de hoxe o proxecto segue sen licitarse, e nada se sabe formalmente dos posibles avances salvo polas novas que chegan a través da prensa, nin consta ningún tipo de comunicación ao Concello sobre o mesmo.

O Concello solicitou o pasado mes de novembro de novo unha reunión urxente na que se informase da situación do proxecto e da previsión de prazos para a súa execución.

O proxecto de orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2021 recolle unha partida de 6.814.300 € para a construción de sendas peonís e ciclistas, cun 40% de dito orzamento reservado para actuacións na provincia de Pontevedra. Sen embargo non se especifican as actuacións concretas polo que se descoñece se a senda da PO-411 é unha das consignadas.

Por todo o exposto, os grupos municipais de Movemento Salceda e PSOE propoñen ao Pleno da corporación municipal de Salceda de Caselas a adopción dos seguintes acordos:

- *Instar á Axencia Galega de Infraestruturas á construción da senda peonil e ciclista na PO-411 ao seu paso pola parroquia de Parderrubias canto antes, tendo en conta que é a única pendente de executar das aprobadas no ano 2016.*
- *Dar traslado do presente acordo á Axencia Galega de Infraestruturas e á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia."*

Sr. González Souto: Estamos totalmente de acordo.

Sra. Tourón Domínguez: Pola nosa parte tamén, é unha moción que traemos conxuntamente os dous partidos que formamos o equipo de goberno, é verdade que o proxecto pode ser mellorable, pode cadrar que sería mellor polas dúas beiras da carretera para que non haxa agravio entre un lado e outro, etec, pero a verdade é que moito mellor ter este que non ter ningunha, estamos totalmente de acordo co proxecto. É verdade que como di a moción aceptaron algunhas das propostas que tanto o Concello como os veciños e veciñas que solicitaban, pero hai outras sen incluír que non sei si van a ter a ben incluír algunha mais a hora de desenvolver o proxecto ou non, eu pediría que si a Xunta ten esa posibilidade de engadir algunhas melloras mais pois perfecto e senón por suposto benvida esta iniciativa estamos totalmente de acordo con ela.

Sra. Alcadesa: Solicitamos a construción desta senda peonil porque creemos que é unha das obras mais importantes para Salceda, Fondos Europeos case 900.000€ adicados a esta obra, proxecto e a demais o importe das expropiacións a 94 propietarios e propietarias dos terreos, múltiples beneficios, primeiro solucionar un problema histórico de seguridade dese treito, veciños e veciñas úsano a diario e tamén o alumnado do IES Pedras Rubias, como decía na moción en situación de pandemia ogalla contaramos xa con ese carril e permitir que os alumnos e alumnas mais achegados ao IES poideran desplazarse a él en bicicleta ou camiñando e sen ter que soportar moitas veces as aglomeracións do transporte público que sabemos como é e como funciona, e sobre todo outro dos grandes beneficios seguir a provomer e camiñando hacia a consecución de obxectivos da axenda europea 20-30, menos reducións de emisións, menos contaminantes e eu creo que ese ten que ser o camiño e o obxectivo, si o tíñamos claro antes creo que despois desta pandemia quedou claro a todos e a todas. Nos últimos días teño que decir que a nova da licitación foi recibida a través de prensa que foi así como nos enteramos, non temos ningunha comunicación oficial pero



tamén é certo que o pasado martes día 15 recibín unha chamada da delegación da Xunta anunciándome de forma, esta vez sí, oficial que o proceso de licitación arrancaba e de feito contábamos coa visita de Marta Fernández Tapias o luns pero onte mesmo me avisou da anulación desta vista, o proceso de licitación está en marcha o que facía con esa visita publicamente manifestar ese comezo, ese pasiño adiante, quero agradecer o compromiso da Delegada cando nos visitou e ademais desa preocupación por parte deste Goberno e desta Alcaldesa se lle trasladaron moitas outras, dixo que se preocuparía pola situación desta obra do carril cicloturista, quero agradecer a colaboración de todo o tecido asociativo, a ANPA, do IES Pedras Rubias, a Asociación de Veciños e Veciñas de Parderrubias e quero agradecer unha vez escoitado a Primitivo o apoio de tódolos partidos políticos que formamos esta Corporación, temos claro que é unha obra sumamente importante e que o obxectivo é conseguir, o que todos buscamos, mellorar a calidade de vida da nosa veciñanza, polo tanto non hai debate.

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta resulta aprobada por UNANIMIDADE dos DOCE membros presentes nesta sesión, adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Instar á Axencia Galega de Infraestruturas á construción da senda peonil e ciclista na PO-411 ao seu paso pola parroquia de Parderrubias canto antes, tendo en conta que é a única pendente de executar das aprobadas no ano 2016.

Segundo: Dar traslado do presente acordo á Axencia Galega de Infraestruturas e á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Dación de conta de decretos dende o núm. 2020-1088 de 26 de outubro ata o núm. 2020-1293 de 11 de decembro.

Dada conta, quedan enterados.

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

MOCIÓN: Presentada por Primitivo González Souto, portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular de Salceda de Caselas.

Sr. González Souto: Da lectura a Moción presentada, seguinte:

"Solicitar a Excmá Deputación de Pontevedra actuacións sobre o carril-bici da estrada EP2501, entre a Es(arrapada e As Pontes para mel/orar a súa seguridade e

usabilidade.

ANTECEDENTES

Dende o Partido Popular de Salceda de Caselas presentouse unha moción no Pleno celebrado o 19 de Decembro do 2014, instando o Goberno Municipal a creación dunha comisión para mellara do Carril-Bici na estrada EP2501, entre a Esfarrapada e As Pontes. O Sr. Alcalde aceptou a Moción como Rogo e comprometeuse a crear dita Comisión. A día de hoxe non se constituíu, por estimar o Sr. Alcalde que tiña informes técnicos favorables, en canto a seguridade.

Con posterioridade, solicitouse a retirada do Carril-Bici, coa solicitude dun Pleno Extraordinario a proposta do Grupo Municipal do Partido Popular, celebrado con data 4 de Marzo do 2015. Dita solitude estaba argumentada tanto na ubicación coma na execución e perigosidade. Non foi posible a retirada.

No pleno ordinario de 28 de outubro de 2016 presentouse unha moción para a mellara do carril-bici, no que se acordou por unanimidade solicitar a secretaría un informe técnico respecto da competencia para facer as mellaras. Non se notificou por parte do equipo de goberno o resultado de ese informe, nin se tivo constancia da súa petición, aínda sendo un acordo plenario.

A estrada EP2501, onde se ubica o carril-bici é de competencia plena da Deputación de Pontevedra.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O aumento da perigosidade do tramo afectado pola obra é evidente polos distintos accidentes que se produciron dende a súa execución. Danos, ata o de agora, rriateriais, provocados polos bordillos de formigón e o formato de colocación, que delimitan o Carril-Bici.

Solicítaselle a Deputación de Pontevedra unha actuación urxente para mellorar a usabilidade e seguridade, tanto do carril-bici como da estrada, entendendo que a execución da obra instalou elementos perigosos para os ciclistas, motocicletas e demais vehículos que con anterioridade, non existían.

Concretando nas afecións a seguridade e usabilidade, é o bordillo, o seu formato de colocación (intennitente), o elemento que xenera o maior número delas. Expoñense a seguir, algunhas das que resultan máis importantes

a.- Elementos con aristas cortantes fronte a caídas de ciclistas e motoristas (coma os gardarrais). Destrozos de consideración nos vehículos.

b.-Dificultarle no pedaleo no carril exterior, lindante coa estrada.

c.- Non evita o remonte e a correspondente invasión do carril-bici por outros vehículos, dada que esa é a súa finalidade (coma xa quedou demostrado nos varios accidentes que se levan producido).

PROPOSTA:

A solución que se plantexa dende o Grupo do Partido Popular, (que non é a única posible), consiste en:



1.- Retirada do bordillo delimitador do Carril-bici.

2.- Colocación no seu lugar de pezas de caucho con dispositivos reflectantes como separador. Existen multitude de modelos no mercado instalados actualmente. Presentanse dous exemplos e o seu modo de colocación:



3.- Execución de banda lonxitudinal sonora (ou banda de alerta vibratoria) paralela os delimitadores do carril para que actúe de avisador preventivo de invasión dos vehículos, alertando o conductor.

4.- Mantemento das balizas nos accesos as parcelas e interseccións.

5.- Millora da sinalización nas interseccións, coa estrada de Pegullal e enfrente ferretería Mino, tanto vertical coma horizontal.

Polo anteriormente exposto, como Concelleiro do grupo municipal do Partido Popular someto a aprobación do Pleno a seguinte:

MOCIÓN:

Instamos a Excmá Deputación de Pontevedra teña en conta a viabilidade destas propostas, que como se expón neste documento, non teñen por que ser únicas, poden ser perfectamente complementarias ou excluíntes con outras que se acorden, coa única finalidade de eliminar os riscos xerados."

VOTACIÓN DA URXENCIA: Polo Sra. Alcadesa sométese a votación a urxencia da proposta , esta resulta aprobada por UNANIMIDADE dos DOCE membros presentes a sesión, pasando a tratar o asunto.

Sr. González Souto: Isto vai dirixido a Deputación de Pontevedra, a Deputación de Pontevedra é unha administración en principio sensibilizada coa seguridade viaria, ten en vigor o Plan Move-se na rede de estradas que son da súa titularidade e se a seguridade viaria é realmente unha prioridade para esta institución ten que ser receptiva a este tipo de demanda que nós intentamos plantexarlle dende o Concello e sobre todo que nos demos conta que isto que estamos presentado aquí debería ter un custe cero para o Concello, digo isto porque no decálogo de actuación das estradas provinciais, un decálogo que esta na web da Deputación indica que o Concello en sí está obrigado do cuidado e mantemento dos servizos urbanos, a Deputación en sí é a responsable do firme, da sinalización e das augas pluviais e do mantemento do pintado da carretera. Quero incidir que o anterior goberno Marcos Besada non lle deu importancia a esta proposta que nos lle propuxemos, proba delo foi que no pleno ordinario do 28 de outubro de 2016 presentouse unha moción similar, para mellorar o carril bici, despois de que goberno naquel momento nos mingunera, acordamos nese pleno o seguinte acordo: "solicitar dos servizos

técnicos informe con respecto da competencia para poder facer melloras sobre o carril bici” a día de hoxe non se notificou por parte do equipo de goberno o resultado dese informe, non se tivo constancia da súa petición, nin tampouco se notificou para traer de novo esta moción ao pleno, recalco foi un acordo plenario que consta en acta que se iba a facer iso é non se fixo. Decir que cada un ou cada unha dos que estamos aquí que asuma a responsabilidade que estime convinte de non levar a cabo ese acordo plenario. No anterior pleno pedíamoslle respecto pola conciliación, pedíamoslle empatía a hora de fixar plenos e comisión, agora recórdolles que tampouco cumprir os acordos plenarios simplemente porque os plantexan a oposición non é de todo correcto, isto ao mellor deberían facerlles recapacitar na súa actitude por momentos, porque ao mellor nós non somos tan malos como pensan nin vostedes tan bos como predicán.

Sra. Alcaldesa: Estamos de acordo en instar a Deputación a que teñan en consideración esas propostas, pero deben ser consideracións a ter en conta polos equipos técnicos, sumámonos a idea de eleborar un proxecto de mellora de mantemento, de mellora da seguridade, porque pasaron seis anos e evidentemente se precisa unha mellora nese carril bici, a ese punto engadiría “Instar a Deputación a elaboración dun estudio técnico para a realización de melloras de seguridade, do mantemento e da conservación dese carril-bici” ao final é complementario ao que decides, vós pedides que se teña en conta o que vós aportades, que o supoño que o terán, pero nós o que creemos é que debe ser elaborado un estudio técnico para que propoñan eles, sexan eles quenes aporten as solucións ao que demandamos que ao final é maior seguridade, mantemento e conservación, seis anos xa ben o merecen.

Sr. González Souto: Esta información está sacada do manual de recomendacións da DGT para o deseño de carriles – bicis, leo: “cando existan bordillo de altura a los 0,05m este resguardo sera de de 50 cm, quere decir que como mínimo la sección transversal tiene que tener 3 m.” Isto para que miredes a necesidade de reformar ese carril bici, para o que se pon na proposta de mellorar a viabilidade. O que vostede quere incorporar, por suposto, ademais agradecemoslle que nos recolla esta iniciativa que consideramos que con toda seguridade vai a mellorar moito, porque cóstanos que o carril bici así moitos vehículos tiveron danos cuantiosos, roturas de llantas, de rodas de dirección, de carter que doutra maneira non se houbesen producido, alegrámonos de que sexan receptivos desta iniciativa.

Sra. Alcaldesa: A moción foi presentada onte, vista por min hoxe, non tiven tempo de estudar a normativa que seguramente ten cambiado nestes seis anos, seis anos é tempo suficiente para que, ademais sempre o recoñecemos, era unha obra mellorable e unha vez que traedes esta moción a pleno, eu a recollo o equipo de goberno a recolle e si estades de acordo en engadir a vosa petición o paragrafo que di concretamente: “Instar a Deputación a elaboración dun estudio técnico para a realización de melloras de seguridade, mantemento e conservación do carril bici” o noso voto vai se favorable.

Sra. Touron Domínguez: Recalcar o que xa dixo a Alcaldesa, engadir ese punto, creo que ten que ser o persoal técnico da Deputación o que evalúe as necesidades tanto de mellora coma de conservación, como de mantemento dese carril bici, simplemente engadir que esta cronoloxía que fai o compañeiro do Partido Popular dos distintos plenos o Partido Socialista sempre estivo de



acordo nesa mellora, tanto na oposición como agora no goberno, vamos a estar totalmente de acordo toda a Corporación.

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta resulta aprobada, POR UNANIMIDADE de votos a favor, adoptándose o seguinte acordo:

1.- Instar a Excm. Deputación de Pontevedra teña en conta a viabilidade destas propostas, que como se expón neste documento, non teñen por que ser únicas, poden ser perfectamente complementarias ou excluíntes con outras que se acorden, coa única finalidade de eliminar os riscos xerados.

2.- Instar a Deputación a elaboración dun estudo técnico para a realización de melloras de seguridade, mantemento e conservación do carril bici.

ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS:

Sr. Rodríguez Davila: Queremos solicitar que nas placas que se coloquen ou igual nas que se van a colocar nos diferente lugares, casas, vivendas e edificios do noso Concello a través desa ordenación desa numeración, este Grupo solicita e roga que se faga única e exclusivamente co escudo oficial do noso Concello, sen engadir o anagrama, logotipo do Concello, xa que será un ben que vai quedar durante moitísimos anos, e polo tanto o que queremos é que non se exclúa a ninguén e ninguén se sinta invadido nas súa propiedade, vivenda, con algo co que non se sinten representados, solamente lle solicito que fagan o mesmo como o que fixeron algún dos que aquí estamos sentados na Corporación cando estaban no Goberno nos anteriores mandatos e colocaron placas na R/. Lagüela ou na R/. Mártires de Sobredo ou na R/. Rosalía de Castro e que así nos quede solo o escudo oficial que nos representa a todos os Salcedenses. Resumindo o que rogamos é que nesas placas que se van a colocar nas vivendas se coloquen so escudo oficial do noso Concello e non o escudo oficial e o anagrama do Concello.

Sra. Alcaldesa: Recóllese ese rogo, pero evidentemente o diseño será unha decisión do goberno e se incorporou as dúas imaxes mais representativas deste Concello, dende hai xa moitos anos o "SC" que é a nosa imaxe e por suposto o escudo que nos representa a todos, que está sendo incluído non so en cartelería senón en documentos oficiais, na numeración e no diseño da numeración e así seguiremos coa segunda fase que é a remodelación das placas das rúas que tamén incorporarán o escudo oficial.

Sr. Rodríguez Davila: Recollo o que vostede acaba de dicir "o anagrama que nos representa e o escudo que representa a todos" vostede acaba de dicir que o anagrama é o anagrama do Goberno e o escudo é o que representa a tódolos Salcedenses.

2º ROGO:

Sr. González Souto: Na Comisión informativa falamos da estrada de Bouzavedra



que baixa a Budiño, hoxe está peor, o que vos pido é que teñades en conta que a estrada non se pode manter así tanto tempo, que estea de forma puntual vale, levamos mes e medio e agora mesmo diante da carpintería TEYPE hai mais superficie de terra que de asfalto, isto é perigoso, como o mantemento da estrada é competencia do Concello, creo que deberíamos esforzarnos un pouco mais para mellorar a situación desa estrada. A parte hai certos traballos que están rematados pero o xabre está polo medio da carretera, algunha medida terán que tomar.

Sra. Alcaldesa: Xa na Comisión che comentei que falara con xerencia, que iban regresar a obra e que estaban facendo unhas melloras que eran pertinentes porque as choivas afastaron o xabre, a sinalización era escasa, todo iso me consta que se mellorou o seguinte día voltei a falar coa empresa, hoxe mesmo pola mañá falei coa empresa colocaron a iluminación e vaiado que caera estos días co vento foi restituído. Pasei por alí e se mellorou bastante, sacouse a terra, solucionouse ese problema, e ademais falamos co propietario da carpintería TEYPE das fochancas que se facían alí adiante porque arrastraron as choivas ese xabre, podía estar mellor? seguramente, pero que se mellorou dende logo e que estaremos atentos dende logo porque é perigoso ao ser unha estrada de moito tránsito.

3º ROGO: Sra. Pérez Cabaleiro: Este grupo solicita e roga que se recolla a través do Banco de alimentos as mermas que teñen os supermercados do municipios.

Sra. Alcaldesa: Queda recollido.

PREGUNTAS:

Sr. Núñez Troncoso: Hai uns decretos que se refiren a pago de dúas facturas un é dunha factura que o concepto "suministro e instalación de barandilla na rúa Victoriano Pérez Vidal" por un importe de 3.993€, curiosamente unha barandilla metálica, que a coloca unha empresa de construción, curioso, queríamos saber onde se colocou esta barandilla?, e no mesmo decreto hai outra "bordillos de beirarrúa na praza Concello" tamén da mesma empresa por 14.700€, que obras son?

Sra. Alcaldesa: É a barandilla que hai na Vendanova antes do bar, non vexo nada estraño que unha empresa de construción faga traballos complementarios incluso de rama que non teñen que ve con ela, a barandilla iba suxeita en bloque de formigón, había un perigo claro de desnivel, había unha solicitude da veciñanza dende hai moito tempo e instalouse unha barandilla cunha empresa de construción que fixo todo o traballo, a reposición da beirarrúa mais a soleira de formigón para que suxeitara a barandilla.

Sra. Pereira González: A outra corresponde ao arreglo que se fixo na Plaza, dos bordillos que se fixo aquí na Plaza do Concello no lateral de accesibilidade.

Sr. Núñez Troncoso: Respecto do alumeado de navidade, queríamos saber si o asume o Concello o 100 por 100 ou si se subvención parte as dúas asociación de comerciantes existentes, ACISA mais a Asociación de Comerciantes Tabernanvoa.

Sr. Rodríguez Canosa: Como nos últimos anos o Concello asume todo o que é o alumeado de edificios municipais, ademais coloca arcos en todas as parroquias e das zonas humanizadas do casco urbano, por outro lado os comerciantes encárganse da colocación dos arcos, xa o ano pasado e este ano ACISA conta cunha subvención e cubren o gasto dese xeito.

Sra. Tourón Domínguez: En canto a asociación de comerciantes, as dúas se lles explicou onde se estableceu como se si iba a traballar dende comercio e se lles explicou que podían participar a través de subvención que eles solicitan a outras entidades superiores para as luces e quedaron que poñerse en contacto entre eles, iso solo se pode solicitar dende as asociacións. Despois a Asociación Tavernanvoa se puxo en contacto conmigo para mirar si costeábamos o consumo mais o boletín de dar de alta, por suposto igual que outras anos dende esta Concellería e cónstame que tamén dende Cultura porque traballamos coordinadamente niso atendéronse tanto unha asociación como da outra, engadir que ACISA pola súa parte adornaron os comercios e foi unha decisión súa, traballan con independencia unha da outra, nós simplemente avalamos as dúas, o contacto é coas dúas do mesmo xeito.

Sra. Alcaldesa: O último pleno do ano, un ano complexo para todos e todas seguimos aquí e iso xa é motivo de celebración, vamos a aproveitar para dirixirnos aos veciños para que de parte de toda a Corporación desexarlle felices festas e pedirlle o compromiso e o esforzo que mantiveron de todo o ano, que sigamos facendo as cousas con sentidiño que os resultados sigan a ser os que son en canto a incidencia da pandemia e que é importante que non baixemos a garda no nadal, hai moitas maneiras de celebrar e moitas veces non ten por que ser coa cercanía, creo que é mais importante que este ano fagamos as cousas doutra maneira para que o ano precisamente esteamos todos e todas e volver a celebralo xuntos e xuntas. De parte desta Alcaldesa, de parte do equipo de goberno que teñades a mellora das festas posibles, que seguramente o vindeiro ano sexa mellor para todos e todas e ánimo, e a pandemia non vai poder coas nosas ganas de seguir traballando e coas nosas ganas de manter a ilusión e que todo volte a normalidade.

Sr. Rodríguez Davila: Quero en primeiro lugar agradecerlle, sobre todo nos últimos meses por motivos persoais e por todo o que vivimos todos e cada un de nós, o agradecemento aos meus compañeiros do Grupo Municipal polo seu compromiso, polo seu traballo e sobre todo pola coherencia que mantivemos sempre, a unión e agradecerlles principalmente o traballo dos últimos meses que foi moito mais intenso, moitísimas gracias a todos vós. Quero felicitar tamén de parte deste grupo as festas a tódolos veciños e mandarvos un ánimo sentido que todo pasará e sobretodo que mais pronto que tarde veremos a luz con esa ansiada e esperada vacina que esperemos que sexa todo o efectivo que desexamos tanto que teñamos esperanza e sobre todo moito ánimo, confianza e



non dubidedes en que cando esta a nosa disposición vos vacunedes porque detrás de eso hai moitas persoas traballando durante moito tempo e que está cientificamente probado, será como un medicamento mais que seguramente algunhas persoas tendrá algún efecto pero estou convencido de que a gran maioría será beneficiado por esa vacina. Para rematar, cuídense todos, cuidémonos felices festas a todos e tamén decirlle aos membros da Corporación que deamos exemplo con sentidiño e que sexamos responsables, moi boas festas a todos e bo ano.

Sra. Tourón Domínguez: Desexarlle boas festas a toda a veciñanza nun ano moi complexo para todos, somos conscientes do esforzo non solo que fan os gobernos nas distintas administracións que nos toca gobernar e xestionar nunha etapa de pandemia como esta que é difícil en tódolos os ámbitos, pero tamén sei que no eido persoal de moitas persoas isto tamén está causando a súa problemática e por suposto que a pesar de estar nun momento complexo que teñamos todos e todas ánimo moito ánimo, boas festas e que o 2021 sexa moito mellor para todos e que salgamos desta situación e que volvamos a tan ansiada normalidade. Boas festas a todos e feliz 2021.

Sra. Alcaldesa: Quero agradecer ao Partido Popular o seu comportamento e o seu talante durante toda esta pandemia, xa o fixen algunha vez recoñecino publicamente e creo que cando a cousas se fan ben ademais algo do que estou sumamente orgullosa porque vendo outros espectáculos que se ven noutros niveis que se supón que deberían ter un pouquiño mais de coherencia e pensar no problema que estamos tendo e nas preocupacións da xente no día a día e non enzarzarse en non aportar solucións, creo que aquí fomos exemplares, agradecer o voso talante o voso comportamento e que teñades felices festas tamén a todos e a todas.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE